



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN
PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto coa entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2018. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o desenvolvemento deste programa que ten como finalidade a prestación de apoio ás familias formadas por un único proxenitor con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas cuxo obxectivo é o de potenciar a autonomía das familias monoparentais, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, a súa asistencia a actividades de formación laboral e/ou formación continua, posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional e previr situacións de risco social e axudar á crianza dos nenos e nenas favorecendo a súa socialización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a defensa das familias na súa integridade e das familias monoparentais en particular, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

